



BOLETÍN AURORA

✦ MAIO E XUÑO DE 2026

A CORUÑA 1901: LOITA OBREIRA, SANGUE E CHUMBO

As xornadas do 30 e 31 de maio de 1901 ficaron gravadas a ferro na memoria da clase obreira coruñesa. O asasinato a tiros da Guardia Civil dun folguista, o consumeiro Mauro Sánchez, nunha manifestación obreira na tarde do día 30 provocou a convocatoria dunha folga xeral que paralizou a cidade por tres días. A forza colectiva amosada polas sociedades obreiras, maioritariamente libertarias, levou á declaración do estado de guerra e a saída das tropas ás rúas. A brutalidade da represión militar e policial deixou as rúas tinguidas de sangue obreira, con sete persoas asasinadas e ducias de feridos.

Coas cadeas ateigadas de presas e presos, militantes condenados en consellos de guerra a penas de ata 20 anos de reclusión, as sociedades obreiras suspendidas e os seus locais clausurados, unha inmensa onda de solidariedade de clase de dimensión internacional foi quen de achegar apoio ás vítimas e acadar a liberación dos presos e presas e o indulto dos condenados e sobresemento das causas.

Agora, cando se compreen xa 125 anos daqueles acontecementos, unha comisión de entidades culturais, sindicais, e políticas, entre os que se atopan, xunto ao Ateneo Aurora e o colectivo Refuxios da Memoria, os sindicatos CGT e CNT, as organizacións libertarias Xesta e Naide, e a editorial anarquista Bastiana, impulsa un programa de actos ao que toda a veciñanza da cidade é chamada a participar. Logo do acto en lembranza da folga de misteiras de abril de 1901 que foi celebrado no pasado mes de abril, chegaron os actos centrais do aniversario durante o fin de semana dos días 30 e 31 de maio de 2026.



Contacta, comparte e difunde:

Enderezo:

Casa Sindical da CGT da Coruña
Entrepeñas, nº6, baixo
15010 A Coruña

Páxina web:

memorialibertarianagaliza.org/

Correo electrónico:

ateneoaurora@gmail.com

Facebook:

[/ateneo.aurora](https://www.facebook.com/ateneo.aurora)

X (twitter):

[@AteneoAurora](https://twitter.com/AteneoAurora)

Instagram:

[@ateneoaurora](https://www.instagram.com/ateneoaurora)



4 CORUÑA 1901

LOITA OBREIRA, SANGUE E CHUMBO



ACTIVIDADES - Maio e Xuño de 2026

30 de Maio de 2026

Presentación do libro “Polas vítimas de onte, Xustiza! Folga xeral, represión, e estado de guerra na Coruña en 1901”

No mediodía do sábado 30 maio, o Circo de Artesáns da Coruña (senlleira institución que viu nacer o movemento obreiro coruñés e que acolleu nos seus salóns moitas das primeiras reunións obreiras) foi o escenario da presentación do libro “Polas vítimas de onte, xustiza! Folga xeral, represión e estado de guerra na Coruña en 1901”, editado pola editorial Bastiana. Prologado polo coñecido historiador Eliseo Fernández, este libro recolle a historia do acontecido e a permanencia destes feitos na memoria da clase obreira coruñesa ao longo do tempo. Na presentación participaron os autores, Daniel Palleiro e Francisco Ascón, xunto coa docente Eva Loureiro. O acto finalizou coa actuación do grupo “Cantareiras Revolteiras”.



ACTIVIDADES - Maio e Xuño de 2026

31 de Maio de 2026



Crespóns negros

Como hai 125 anos fixeron as sociedades obreiras coruñesas na mañá do 31 de maio... Dende a mañá do mesmo día de 2026, a Casa Sindical da CGT da Coruña onde está a Biblioteca e Arquivo Obreiro Aurora loceu un crespón negro polas vítimas da represión na folga de 1901

Asemande, os perfíles en redes sociais de colectivos sindicais, sociais e culturais da Coruña tamén luciron o crespón virtual deseñado ao efecto co lema:

A Coruña obreira non esquece!!!



31 de maio de 2026



Ofrenda floral no monolito ás vítimas de maio de 1901

Pese a tentalo, os poderosos nunca conseguiron borrar a pegada que estes feitos deixaron na memoria da clase obreira coruñesa. En 1906, a iniciativa das Sociedades obreiras e por subscrición popular, levantouse un monolito no cemiterio de Santo Amaro en lembranza das vítimas daquela represión. Ese monumento acolleu no mediodía do domingo 31 de maio, un acto de homenaxe ás obreiras e obreiros asasinados cunha ofrenda floral e o relatorio dos feitos, do mesmo xeito que se facía ata a sublevación fascista de 1936 e como se ven facendo dende a década dos 80 do século pasado polo anarcosindicalismo local.

Logo do acto de homenaxe, no exterior do cemiterio, o grupo "Comadres" interpretou varias cancións incluíndo unha cantiga composta especialmente para este 125 aniversario, da que recollemos unha estrofa:

"Loito viste A Coruña
Forte foi a represión
Brazaletes negros levan
Lágrimas no corazón"



ACTIVIDADES - Maio e Xuño de 2026

8 de Maio de 2026

CINEFORUM AURORA

“O cine libertario: cando as películas fan historia”

Proxección do filme documental de Verónica Vigil e José M^a Almela, do ano como en xullo de 1936, os traballadores do cine en Madrid y Barcelona colectivizaron a industria a través dos sindicatos.

Ciclo
Cine e movemento obreiro

CINEFORUM AURORA

O cine libertario: cando as películas fan historia

Verónica Vigil e José M.^a Almela, 2010



8 DE MAIO DE 2026 19 H.

 CASA SINDICAL DA CGT DA CORUÑA ENTREPEÑAS, 6 

28 de Maio de 2026

CLUB DE LECTURA AURORA

“Tea rooms. Mujeres obreras”, de Luisa Carnés

Novela social, ambientada no Madrid dos anos 30 do s.XX, que abre unha fiestra á realidade da muller obreira e as súas arelas de liberación.



Club de lectura AURORA
Libros na veciñanza

Lectura mensual dunha obra, con tertulia no último xoves do mes, ás 19:30 horas

Maio 28

Tea rooms: Mujeres obreras. Luisa Carnés

Novela social, ambientada no Madrid dos anos 30 do s.XX, que abre unha fiestra á realidade da muller obreira e as súas arelas de liberación.



 **Ateneo Aurora.** Rúa Entrepeñas, 6. A Coruña
Máis info e inscrición: ateneoaurora@gmail.com

Ciclo
Cine e movemento obreiro

CINEFORUM AURORA

Pride

Matthew Warchus, 2014



12 DE XUÑO DE 2026 19 H.

 CASA SINDICAL DA CGT DA CORUÑA ENTREPEÑAS, 6 

12 de Xuño de 2026

CINEFORUM AURORA

“Pride”

Película de Matthew Warchus que narra a unidade na loita dos mineiros de Gales e militantes LGTBI en 1984